



RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017, CARLOS CASARES MOURIÑO

ANTECEDENTES

- 1 A Secretaría Xeral de Política Lingüística convocou o 20 de outubro de 2016 un concurso para a elaboración dunha exposición sobre a obra, a época e a lingua do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2017 –Carlos Casares Mouriño–, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica na que este viviu.
- 2 O obxecto deste concurso foi a elaboración dunha exposición de 10 carteis sobre Carlos Casares Mouriño e dun caderno didáctico que guíe a observación dos carteis e fomenta o labor de investigación do alumnado sobre a obra, a época, a lingua e a etapa sociolingüística do autor homenaxeado.
- 3 Neste concurso puideron participar todos os centros de ensino público non universitario dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- 4 A convocatoria establece dúas categorías:
Categoría A: para os centros de educación infantil e primaria.
Categoría B: para os centros de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, de formación profesional e para os restantes centros de ensinanzas especiais: ensinanzas artísticas (de arte dramática, de artes plásticas e deseño, de conservación e restauración, de danza, de deseño, de música), ensinanzas deportivas e ensinanzas de idiomas.
- 5 A xestión da convocatoria realizouse conforme as bases da convocatoria.

Unha vez recibido o ditame do xurado, que valorou os traballos presentados segundo o establecido na convocatoria,

RESOLVO:

- 1 Agradecerlles a todos os participantes o seu traballo e esforzo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa San Roque, 2
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 881 996 301
Fax: 881 996 306
www.lingua.gal

galicia

- 2 Declarar gañador do concurso na categoría A (educación infantil e primaria) a exposición "Carlos Casares, un escritor desta Galaxia", elaborada polo CEIP Plurilingüe Anxo da Garda da Coruña, que recibirá o premio establecido na base 4.
- 3 Declarar gañador do concurso na categoría B (educación secundaria obrigatoria e bacharelato, de formación profesional e os restantes centros de ensinanzas especiais) a exposición "Carlos Casares Mouriño, o coleccionista de historias", elaborada polo IES Carlos Casares de Vigo, que recibirá o premio establecido na base 4.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017

Valentín García Gómez



Secretario xeral de Política Lingüística